A FONDO

Caderno de análise.
Quinta-feira, 9 de abril de 2015 • Número 105

SERMOS GALIZA

CANDO UN POBO RECUPERA A SÚA MEMORIA AUDIOVISUAL

Os arquivos foron historicamente lugares de poder. Neles controlouse o discurso ao redor do noso pasado e por iso é que, dende sempre, a súa chave estivo ben gardada polas institucións. Mais nos últimos anos a situación está a mudar. En Galiza son moitas as iniciativas arquivísticas que están a recuperar as fotos, os vídeos e, en definitiva, as imaxes do noso pasado baixo o impulso de colectivos sociais e algún concello que participa de obxectivos semellantes. Novas prácticas de coidar o patrimonio e de estabelecer redes culturais propiciadas polas novas tecnoloxías que repasamos neste A Fondo coordenado por Xurxo González.

IMAXE: XURXO GONZÁLEZ

Debullando no devalar de Sansa

Nos últimos anos xurdiron por todo o país meritorias iniciativas para a recuperación da memoria social da comunidade. Moitas delas conteñen exhaustivos rexistros de fotografías antigas, arquivos fílmicos ou fondos documentais. Case todas son experiencias voluntaristas, xeradas por dinamizadores e dinamizadoras sociais na súa preocupación pola amnesia colectiva na que vivimos e a salvagarda da historia ou memoria local. Merecerían unha maior atención institucional ou mediática polo seu potencial e nomeadamente pola súa transcendencia para o futuro das comunidades que abrangue. No seu deseño e posta en marcha debulláronse estratexias de acción axeitadas á idiosincrasia e realidade concreta de cada pobo ou campo de procura, mais tamén ás posibilidades reais de execución cos medios dispoñíbeis, case sempre ridículos. Co gasto dun día nas festas patronais mantiríase unha iniciativa destas características máis dun ano.

Unha destas iniciativas é Fálame de San Sadurniño. A súa especificidade é a súa aposta por integrar toda a información dunha pequena comunidade rural nunha ferramenta web que funcione de xeito similar á memoria humana. Cabería pensar que a articulación de estratexias produtoras de memoria social debería semellarse ao funcionamento da memoria individual, na que conceptos investigados pola neurociencia como "memoria a longo ou curto prazo", "memoria declarativa", "memoria episódica", "memoria semántica", etc, tentan afondar nesta característica do ser humano aínda pouco explorada. Fusionar pasado e presente, mesturar todos os soportes de información posíbeis e integralos a través de hipertexto, ao modo das sinapses neuronais, conectando todos os elementos almacenados na memoria a longo prazo.

A memoria humana está configurada por un conxunto de emocións ou experiencias vividas, imaxes, sons, palabras, cancións e sensacións de todo tipo. Cada estímulo sensorial ou cognitivo do pasado pode agromar no presente. Así pois, non poñer limites temporais para entender a memoria é unha das características específicas de Fálame. O presente xa é memoria, o pasado aínda é presente. Podemos navegar cara ao pasado a través do presente e viceversa; unha viaxe mediante historias de vida, imaxes, textos ou voces. Pasado e presente están conectados directamente nun contínuum cognitivo e sensorial. O que se vén denominando "a continuidade da historia" nas comunidades rurais no decurso do tempo.

Sensor social

Un segundo aspecto sería a utilización de todos os soportes e formatos de información ao noso alcance: textos literarios, filmes, sons, documentos, xornais, fotos faladas, voces, mapas, lembranzas persoais, cancións, lendas e relatos míticos ou actuais. Todos os soportes que conteñan información pertinente á memoria colectiva. Fálame en realidade é un sensor social permanentemente activado que interroga á comunidade sobre o devalar das sete parroquias a través de todos os recursos posíbeis e almacenando a memoria episódica –fotos faladas– dos seus preto de 200 colaboradores interxeracionais. Activa sobre todo a memoria sensorial –imaxes, voces, sons– porque esta especie de obxectos dixitais ou "memes" individuais conteñen "emoción". E a conexión emocional será un factor decisivo na recuperación dos contidos da memoria. Todos os rexistros dos sensores sociais gárdanse no almacén xeral, que equivalería á memoria a longo prazo.

Do mesmo xeito que a memoria humana, os obxectos dixitais creados en Fálame precisan de codificación. Resulta fundamental o establecemento de protocolos eficaces de codificación dos contidos para que na recuperación da información non se produzan disfuncións –curvas de esquecemento– e a memoria actúe como un todo orgánico. Esta prevención faise coidando a definición das variábeis espaciais (xeolocalización), variábeis temporais (a cronoloxía) e as variábeis ontolóxicas e semánticas (categorías).

O arquivo na web

O terceiro proceso é a recuperación da información na web, onde creamos innumerábeis sinapses neuronais (hipertextos) que vertebran os contidos e os soportes de información e constrúen un discurso unitario no proceso de lembrar. As conexións neuronais da cortiza cerebral son estimuladas pola información e vincúlanse ao contexto emocional no que se formaron. Vén sendo algo similar ao que facemos coa memoria individual, no que podemos navegar dende a memoria remota á memoria recente a través de interconexións e viceversa. O presente convértese nunha rampla de lanzamento cara ao pasado e viceversa.

O proceso de produción incorpora o traballo colaborativo das memorias episódicas de mais de 200 persoas que xeran memorias semánticas ao interconectarse; do mesmo xeito que as diminutas pezas dun crebacabezas crean unha única imaxe. En definitiva, **simples fotos faladas cargan de sentido colectivo as vivencias individuais que, só en aparencia, semellan desconectadas**, creando unha comunidade que transmite a súa identidade e fala, un espazo vivo e integral da memoria. Esta percepción sincrónica do devalar ten un gran potencial para as comunidades locais e moi especialmente no medio rural. Por outra banda, a estruturación horizontal e democrática das "unidades de memoria", salvagarda a pluralidade de puntos de vista ante calquera cuestión conflitiva ou polémica que lle afecte á memoria colectiva da comunidade.

Por Carme Suárez Nieto.
Axente TIC no concello de San Sadurniño

Desafíos para o patrimonio audiovisual galego en internet

Que pode facer internet polo noso patrimonio audiovisual? Estamos aproveitando as posibilidades que nos ofrecen o medio dixital para preservar e pór en valor os nosos arquivos mediáticos? Estamos entendendo o cambio de paradigma que supón pensar en internet non como unha ventá audiovisual máis senón como un espazo público dixital?

En Galicia temos arquivos audiovisuais importantes, empezando polo do CGAI, o da TVG ou o de TVE-G, que, aínda que van facendo o que poden, viven aínda no século pasado. Non é unha prioridade a súa dixitalización nin garantirlles o acceso aos cidadáns. Na web do CGAI levan anos prometendo un servizo de visionado de películas. Nos arquivos online de TVE, Galicia case non existe, e mira que hai aí cousas interesantes previas ao nacemento da TVG. Na web da CRTVG ofrecen un miniportal con vídeos históricos malamente organizados, que se chama "Pasou o que pasou" coma se fose un programa de televisión, non un recurso útil para quen queira darlle un uso real aos vídeos. Xa non falemos do reuso, do dereito cidadán a utilizar estas imaxes, sobre todo cando son de propiedade pública, nun momento no que a remestura, o apropiacionismo artístico e a resignificación das imaxes forman parte da expresión cultural dos cidadáns *prosumidores*.

Mentres moitas fitas collen po nos andeis ou se perden polo seu delicado formato, cómpre preservalas e pasalas dos arquivos físicos ao espazo dixital, antes de que moitas delas se perdan. Mais urxencia desta realidade non significa que non se poidan facer as cousas ben, con planificación e pensando no futuro. Cómpre unha política de arquivos audiovisuais que se poña ao servizo de coleccións públicas e privadas e sente as bases de como facer as cousas, que podemos resumir en media ducia de desafíos: dixitalización, catalogación, estándares abertos, acceso cidadán, licenzas de uso e aloxamento propio.

<<Queremos acceder aos arquivos dixitais a través da web coma quen vai a unha biblioteca e pode explorar, buscar e dispor da información para poder usala>>

Os desafíos pendentes

A **dixitalización**. Temos moito que dixitalizar aínda, si, e temos que ter os medios humanos e técnicos para facelo de maneira coidadosa e duradeira, usando estándares de vídeo abertos que non nos obriguen a depender dos caprichos comerciais da tecnoloxía privada, aínda que logo se poidan utilizar para optimizar o seu uso e difusión.

Pasa o mesmo coa **catalogación**: por que somos tan pouco rigorosos á hora de definir os metadatos dos nosos arquivos audiovisuais de xeito que se poidan integrar e relacionar con outros arquivos? A tecnoloxía permite agregar arquivos de organizacións diferentes e presentalos de xeitos novidosos, pero iso é un caos na práctica cando a información non está correctamente etiqueta-da. Xa hai tamén estándares de datos abertos que nos poden facilitar ese traballo.

O **acceso**. Queremos acceder aos arquivos dixitais a través da web coma quen vai a unha biblioteca e pode explorar, buscar e dispor da información para poder usala. Para iso é imprescindible a boa catalogación que acabamos de mencionar pero tamén a boa vontade á hora de entender que o patrimonio audiovisual é un recurso e o acceso a el é un dereito cidadán.

Unha vez garantido o acceso, convén flexibilizar as **licenzas de uso** de xeito que animen á cidadanía a coñecer e utilizar o seu patrimonio, non só a miralo. Pode haber un rango de licenzas variado dependendo do tipo de material e do uso que se lle vaia dar: non é o mesmo facer un anuncio de Gadis con imaxes de "Sempre Xonxa" que poñela nas escolas. E nesas escolas, se queremos educar creadores e non só consumidores, deberiamos deixarlles aos estudantes que aprendan a usar as imaxes de arquivo para construír novos discursos, igual que lles aprendemos a usar cámaras e outros materiais audiovisuais.

Por último, precisamos infraestruturas públicas de **aloxamento autónomo** nas que gardar estes arquivos e garantir o seu acceso. Reguladas por lei e non a capricho dos gobernantes. Youtube é unha alternativa que facilita o aloxamento gratuíto de vídeos, é popular e cómpre estar aí para facilitar que a xente os vexa. Pero non deberiamos delegar en Google nin en Vimeo nin en ningunha outra plataforma privada a custodia do noso patrimonio audiovisual.

Hai outra maneira de facer as cousas, como demostra "The Internet Archive", "Europeana" ou "EuScreenXL", arquivos dixitais que comparten filosofía e estándares abertos e que traballan para facilitar a preservación e difusión da cultura máis alá de intereses comerciais. Algunhas televisións públicas como a BBC empezan a preocuparse da creación deste espazo público dixital, colaborando con outras institucións potencialmente interesadas en usar os seus arquivos. Por estes lares imos moi por detrás: nin a xente que traballa nos arquivos pensa en clave dixital nin a xente que manda nos medios dixitais pensa en clave de arquivo. É tempo de sentar a pensar que queremos facer co noso patrimonio audiovisual e como queremos poñelo a dialogar co resto da cultura e da cidadanía. Mais para iso fan falta políticas públicas que vaian máis alá da cultura da subvención e da industria cultural. Producir está ben, pero por que non aproveitar a riqueza do que xa temos producido?

Por María Yáñez.
Creadora de contidos na rede

ASSOCIAÇÃO AO NORTE

"Procuramos dar às imagens a dignidade que merecem"

A Associação Ao Norte de Viana do Castelo fala sobre o seu trabalho ao longo dos últimos 20 anos resgatando, criando e divulgando imagens. Uma trajetória que os converte numa experiência modelo que testemunha a evolução do uso do audiovisual como ferramenta social e educativa. O Lugar do Real, o seu arquivo, serve como ponto de encontro de todas as suas atividades, um espaço onde construir e fortalecer a sua relação com a comunidade.

A Associação Cultural Ao Norte acaba de cumprir 20 anos trabalhando sempre ao redor do audiovisual. Como é que foi a vossa evolução?
Desde a sua criação, em 1994, a Ao Norte definiu os seus objetivos assim como as áreas em que pretendia intervir. Na divulgação por meio do Centro de Documentação de Cinema, promove sessões de cinema que têm como finalidade formar novos públicos. Na produção realiza documentários de carácter etnográfico e social. No campo da formação desenvolve regularmente workshops e organiza cursos e ações de formação em colaboração com as escolas. Atualmente é membro da Federação Portuguesa de Cineclubes, forma parte do Young European Film Forum For Cultural Diversity e é membro da Rede ICCI. Organiza, anualmente desde 2001, os Encontros de Cinema de Viana, e desde 2014 os Filmes do Homem de Melgaço.

A realidade mais próxima é onde gravita o vosso interesse. Como é o diálogo que se estabelece com o território?
A definição do território de intervenção Ao Norte passa por um lado através de uma proposta programática em torno do cinema e a sua linguagem, sua análise e debate, e por outro através das parcerias que se vão efetivando para a realização de projetos em concreto, com escolas, associações ou municipios, tendo por essência a exibição cinematográfica.

Ao Norte segue a espalhar o Olhar do Real. O que é que vos proporciona a diversidade da imagem documental?
O Olhar do Real é um curso de iniciação ao documentarismo, que tem como objetivo proporcionar um espaço de aprendizagem e de experimentação, através da realização de documentários em vídeo digital. O objetivo principal deste curso é sensibilizar os interessados para aspetos da realização vídeo-cinematográfica. Cada participante no Olhar do Real colabora na realização de um documentário. Os filmes resultantes são apresentados publicamente e posteriormente disponibilizados no Portal Lugar do Real. Podemos considerar que são contributos para a fixação de uma memória audiovisual da região. São uma partilha da nossa memória coletiva. Este curso tem sido promovido nas escolas de Viana do Castelo, mas também em Guimarães e no Uige, Angola.

Edição de 2012 dos encontros de cinema "Olhares Frontais" organizados pela Associação cultural Ao Norte.

Até ao ano de 2010 não existia o arquivo em Lugar do Real. Porque razão só nessa altura?
A criação do Portal Lugar do Real aconteceu por termos a necessidade de dispormos de um espaço onde fosse possível visualizar documentários e filmes das escolas na web. Como já tínhamos um grande acervo de material produzido pela Ao Norte que queríamos disponibilizar, em 2010 foi possível reunir as condições tecnológicas, as parcerias e o financiamento. E, desde o início, decidimos abrir o portal a todos os realizadores que quisessem mostrar os seus documentários e à produção das escolas.

Em Lugar do Real realizam-se recuperações de filmes, os vídeos da escola e a fotomemória. Qual é o procedimento na elaboração do arquivo?
O processo é seletivo. No caso das categorias Lugar do Real e Fotomemória o primeiro passo é o da identificação dos filmes ou fotografias que possam ser disponibilizados no Portal. Posteriormente, há todo um trabalho de localização, pedido de autorização e de adaptação ao formato web. Cada conteúdo é disponibilizado sempre com informação referente aos autores e contextualização. Na categoria Escolas estamos em permanente contacto com as escolas e com as entidades que trabalham o audiovisual na escola. Todos os conteúdos são disponibilizados para fins pedagógicos, de investigação e culturais.

Qual é o valor que Ao Norte dá ao documento e como é que este pode contribuir para a sociedade atual?
Os documentos partilhados na Plataforma Lugar do Real são a partilha de pontos de vista e de histórias que se pretendem contar, livrando-as muitas vezes da erosão do tempo e salvaguardando uma memória deste presente em acelerada transformação.

Que tipo de colaboração mantém o Lugar do Real com outros arquivos existentes?
A Plataforma Lugar do Real é um espaço de partilha e aberto. Neste sentido a colaboração com outras instuições e arquivos faz-se nos dois sentidos – disponibilizamos conteúdos e informação para cineclubes, universidades e investigadores e recebemos conteúdos para colocar on line.

Acabam de receber um prémio em Viana do Castelo pela vossa trajetória. Como é a vossa relação com a comunidade? E com as instituições?
A Ao Norte é uma associação aberta à comunidade e a todas as instituições. Funciona como um cineclube, com associados, e para desenvolver as atividades que anualmente programa, estabelece relações de parceria com muitas escolas, associações, câmaras municipais e com comunidades intermunicipais.

Na vossa perspetiva, como consideram que será a função do arquivo no futuro?
Pensamos que o papel do arquivo no futuro passa, também, pela disponibilização, on line, de conteúdos. É isso que procuramos fazer, dando às imagens disponibilizadas a dignidade que merecem.

Por Xurxo González.
Cineasta, crítico e investigador de cine, director do Proxecto Socheo

O Faiado da Memoria caseira

O Faiado da Memoria nace en 2008 coa idea de preservar a memoria de Vilagarcía mediante fotografías e vídeos que pasarían a formar parte dun arquivo específico dentro do propio concello. Era un proxecto con visos de futuro que podería ser un instrumento para investigacións onde as persoas e a paisaxe non desaparecerían e a súa memoria perduraría dentro dese espazo. Un lugar de encontro para a xente que, tanto de fóra como da propia vila, puidesen atopar ese material que andan a buscar con só ir a un centro de referencia.

A recuperación dos documentos enténdese como un complemento á "historia oficial" escrita e documentada que podemos atopar no arquivo municipal da vila. Trátase pois dun arquivo (do) doméstico, nacido da viaxe, lenta mais sen pausa, casa por casa, co fin de extraer aquilo que se atopa nos faiados físicos e mentais da veciñanza e que nunca pensaron os seus propietarios que poderían conformar ou servir de interese a ningún arquivo.

Nestes materiais recollidos e dixitalizados podemos apreciar a evolución, ou involución nalgúns casos, do Concello de Vilagarcía a través, en primeiro lugar, do elemento humano que figura na fotografía. Mais, tras esta primeira visión do máis próximo ao obxectivo, podemos analizar, estudar e interesarnos polos segundos planos e o fondo desas fotografías: a paisaxe, os cambios efectuados no urbano, nas vestimentas, a celebración das festas e costumes, a sociedade, etc.

Unha imaxe da exposicion "Xente nosa". Abaixo, visitantes percorrendo a exposicion "Unha década de historias"

Rachando medos

Os comezos son moi difíciles. Ao descoñecemento sobre o que estás, ou pretendes, facer, únese o medo das persoas que visitas co fin de que se convertan en donantes. Medo a que os seus tesouros, esas imaxes que os unen co seu pasado, coa súa vida, que forman, nalgúns casos, unha única herdanza que se transmite de xeración en xeración, poida desaparecer e nunca volva ao seu fogar. As persoas xa están acostumadas a que estes sucesos pasen, polo tanto tratar de combater este medo inicial foi o primeiro muro que tratamos de saltar.

Ao comezo atopamos como referente ao Concello do Porriño que levaba catro anos traballando entre os seus veciños e realizando exposicións polas parroquias. O noso interese fundamental estaba na catalogación en bases de datos do material e de como se acercaban á xente. Da primeira non sacamos nada, da segunda soubemos que o concello habilitaba uns espazos nos distintos centros sociais das parroquias para que os veciños se acercasen alí e depositasen as fotografías que eles considerasen. Así levaban recollidas, neses catro anos, 4.000 fotografías. Pareceunos unha inmensidade.

Volvemos para a casa cunha idea: 4.000 fotos correspondían a 1.000 por ano, o que viña sendo unhas tres fotos ao día. Non podía ser difícil. Pero non tíñamos un lugar onde a xente podería levar as fotos e a isto tíñamos que sumarlle ese medo do que falabamos. A solución foi radical: convertemos as casas dos donantes no propio espazo onde se realizaría a copia. Levábamos un ordenador portátil cun escáner e na propia casa dos veciños faciamos as copias do seu material. Eles xa non escollían as fotos que "crían" que nos podían interesar. A nós interesábannos todas. A frase "... incluído vodas, bautizos e comuñóns", foi a mensaxe mais repetida.

O salto ás redes

Rota a barreira co arquivo de donantes fixo que aos poucos meses de comezar a tarefa xa superaramos amplamente a cantidade de fotografías que tiña o arquivo do Concello do Porriño. Con iso comezamos unha campaña divulgativa a través dunha exposición, "Vilagarcía, Imaxes da Memoria", primeira dunha longa lista de actividades expositivas, que lles abriron o arquivo á poboación local e fixo desaparecer as derradeiras suspicacias.

En 2008 créase "o blog de O Faiado da Memoria". Naquel ano o Facebook non estaba moi popularizado polo que iniciamos a campaña "entra nun lugar virtual para a memoria de Vilagarcía" en colaboración co Centro de Dinamización da Sociedade de Vilagarcía. Os destinatarios da nosa mensaxe acudían a este centro para saber como se manexaba un ordenador e como "podían verse nesa páxina do Faiado". Naquela altura os interesados eran persoas entre os 50 e os 90 anos, pouco acostumadas ao uso de novas tecnoloxías.

O coñecemento da actividade d´O Faiado dispárase co acceso á rede. Grazas a internet, persoas que estaban radicadas nos lugares mais dispares do mundo tiñan acceso á súa propia memoria que deixaran atrás fai moito tempo. O Faiado da Memoria convértese así nun referente de encontro de distintas xeracións que lembran e mostran un pasado humano e físico.

Hoxe, o Faiado da Memoria ten subidas, entre o blog e a páxina, mais de 15.000 fotografías, das case 200.000 de que dispón o seu arquivo. Conta con varias horas de películas domésticas de entre os anos 20 e os 70. Un cento de horas de entrevistas de persoas sobre a súa vida vivida e miles de comentarios sobre a Vilagarcía que viviron a partir das imaxes que se mostran na rede. Todo iso motivou que "O Faiado da Memoria" fose nomeado "vilagarcián do ano" no apartado de Cultura en 2010.

Por Antón Caeiro.
Responsábel de O Faiado da Memoria

ALFONSO CASCUDO.
Membro da directiva da Asociación Profesional de Arquiveiros da Xunta

"Sería desexable que parte destas iniciativas confluíran en Galiciana"

Entre os andeis da memoria transitou a traxectoria profesional de Alfonso Cascudo. Traballou no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, no Xeral da Administración da Xunta, no de Galicia e, na actualidade, é xefe de sección do Arquivo Xeral Territorial da Xunta en Pontevedra. Fala dende o punto de vista do arquivo institucionalizado e, dende el, recoñece que administración e lexislación non son quen de seguirlle o ritmo ás dinámicas iniciativas que xorden dende a base social.

Ultimamente están agromando en Galicia iniciativas arquivísticas en prol de recuperar o patrimonio audiovisual local. Como se ve esta evolución dentro da arquivística?
-Non me atrevería a falar de iniciativas propia ou exclusivamente arquivísticas. Un arquivo en realidade fórmase de xeito natural, como un conxunto de documentos, a meirande parte deles orixinais, resultado das actividades propias das persoas ou institucións que os producen ou reciben no exercicio das súas funcións. Nestas iniciativas en realidade estanse a formar coleccións de copias dixitalizadas de documentos gráficos, que xorden pola vontade dos seus coleccionistas que, aínda que tamén existen nos arquivos, non son representativas destes centros.

Estes proxectos, logo, carecen dunha natureza xurídica. Como os contempla a lexislación que ten Galicia sobre arquivos?
A Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia, fai fincapé no apoio da Consellería de Cultura á dixitalización e difusión do patrimonio documental dentro do marco establecido pola normativa específica. En concreto a Lei cita a Recomendación da Comisión Europea do 24 de agosto de 2006 sobre dixitalización e accesibilidade en liña do material cultural e a conservación dixital (2006/585/CE). A Recomendación inclúe, entre o material cultural, fotografías e audiovisuais, sexan ou non documentos de arquivo, ao marxe da súa titularidade, pública ou privada.

A maioría destes arquivos xorden da man de asociacións culturais. Que política cultural podería englobar esta actividade?
A aposta que fixo a Comisión Europea para que Europeana, a biblioteca dixital europea, sexa o destino final do patrimonio cultural dixitalizado de toda a Unión Europea deixa pouca marxe de actuación para iniciativas particulares que non se integren neste proxecto común. Nesta liña, o proxecto senlleiro da consellería de Cultura é Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia, xestionada pola Biblioteca de Galicia, coa misión de difundir e preservar o patrimonio documental e bibliográfico galego, e a visión de conseguir que sexa a plataforma global para o acceso na web do patrimonio cultural de Galicia. Entendo que nela poderían confluír todos estes proxectos de dixitalización cultural que xorden na nosa terra.

> <<Cando se fala de contribuír á preservación e difusión da riqueza, cultural dos pobos de Europa, non deberían ter cabida "políticas culturais de corredoira dun ou doutro signo>>

Non conviría que todo este patrimonio que vai saíndo á luz fose supervisado por institucións culturais galegas?
Esta posible confluencia en Galiciana suporía a necesaria coordinación e cobertura da Consellería de Cultura, e a obriga de todas as iniciativas que se sumasen ao proxecto a cumprir determinados estándares e protocolos a cambio de rendibilizar os seus resultados a través dunha enorme visibilidade que vai moito máis aló do eido local no que se desenvolven. O problema, de facto, é que as iniciativas xorden con moita máis rapidez e dinamismo que as administracións públicas que as deberían coordinar. Ademais, precisaríanse recursos públicos para sustentar estes proxectos que neste intre son difíciles de conseguir.

Detrás destes arquivos hai moito voluntarismo mais tamén hai moitas eivas no proceso arquivístico. Non se poderían consensuar normas de actuación científicas?
Poderíase e deberíase. Para dar resposta a estas necesidades, en 2002, representantes da Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios e do Consello Internacional de Arquivos, por encargo da UNESCO, estableceu unhas Directrices para programas de dixitalización de coleccións e fondos de dominio público, en particular para aquelas colección custodiadas en bibliotecas e arquivos. As directrices identifican as cuestións clave relativas á planificación dun proxecto de dixitalización, con recomendacións de "boas prácticas" que deben seguirse en cada unha das etapas do proceso.

En moitos destes casos maniféstase o conflito que existe entre a xente á hora de discernir entre copia e orixinal. Que aconsellaría?
Nun sentido estrito, na fotografía analóxica, o orixinal fotográfico é o negativo e a primeira copia do autor, que ten uns dereitos patrimoniais recoñecidos pola lei de propiedade intelectual, e derivados do compoñente creativo que poden ter as fotografías, característica que as distingue doutros documentos, pois amosan a visión persoal do seu autor. As copias dos orixinais fotográficos feitas por outros autores (reprint) ou as copias dixitais tamén son obxecto de protección por parte da lei.

A memoria é o gran tema do noso tempo mais ás veces sofre moita instrumentalización, manifesta na especulación cos arquivos. Como se poderían evitar esas malas prácticas?
Eu creo que cando se fala de contribuír á preservación e difusión da riqueza, cultural dos pobos de Europa, non deberían ter cabida "políticas culturais de corredoira dun ou doutro signo", permíteme a expresión, que instrumentalicen politicamente as iniciativas ou limiten acceso aos usuarios.

Por Xurxo González.
Cineasta, crítico e investigador de cine, director do Proxecto Socheo

Proxecto Socheo: tecendo a memoria da Guarda

Cando fai case tres anos iniciabamos a nosa andadura ninguén pensaba nin que que foramos aguantar tanto tempo, nin que íamos a obter tantos materiais e tan diversos. Sendo xustos, tampouco confiabamos en nós mesmos. Sen embargo, aquí estamos e seguimos. O noso obxectivo principal é traballar a memoria da vila para conformar unha especie de álbum colectivo levando á concreción a máxima do cineasta Patricio Guzmán: "Un país sen cinema documental é como unha familia sen álbum de fotografías".

A historia non oficial

Socheo, máis que un arquivo, é un contra-arquivo porque a lectura da historia que propoñemos non é a oficial senón a feita por todas aquelas persoas que convivimos na Guarda ao longo dos anos ou daqueles que algún día pasaron polo noso pobo deixando a súa pegada no audiovisual. Tamén gran parte dos acontecementos que mostramos non son fitos históricos, en moitas ocasións, nin sequera tiveron o seu oco nos medios de comunicación e, incluso, non lembramos a súa data. É a historia do día a día.

Tampouco os propios formatos son os oficiais. Malia contar con fragmentos recompilados do cinema profesional, para a maior parte do material do que dispomos empregaron dispositivos caseiros que dan conta dunha ampla diversidade de formatos: super8, Hi8, VHS ou cos actuais dispositivos móbiles. Materiais e imaxes que poderían ser considerados *detritus* audiovisual mais que para nós teñen un valor incalculable. Porque moitas veces o que se supón un material sen importancia pode establecer un diálogo significativo con outros elementos do conxunto.

As dinámicas de difusión que deseñamos dende o comezo tampouco son as propias dun arquivo oficial. Se a maior parte destes tratan de salvagardar o seu patrimonio pechándoo e restrinxindo o seu acceso, nós decidimos aproveitarnos do contexto tecnolóxico para dalo a coñecer. Facilitando o seu visionado, comentario e difusión a través das redes sociais.

O noso proxecto permítelle á persoa interesada reconstruír o pasado recente da vila da Guarda. Por medio dunha accesible arquitectura de arquivo permíteselle ao usuario tirar do fío e facer lecturas libres e intuitivas dos distintos substratos que ofrecen os seus documentos. Estes, na súa inmensa maioría, teñen unha orixe *amateur*, desprovistos de manipulacións salvo o de reflectir dunha maneira nidia e directa a realidade. Nós como organizadores do arquivo ofrecemos portas de entrada, mais unha vez dentro o interesado pode perderse nas infinitas perspectivas de lectura que permiten a asociación de documentos tendo en conta a súa temática, data, natureza, localización, autor...

Pero non se trata unicamente de reclamar a memoria dun pobo senón de reactivala e para iso cómpre involucrar aos veciños e ás veciñas, dala a coñecer e, dalgún xeito facela útil. Deste xeito, ao longo destes case tres anos de traballo conseguimos recuperar documentos que nos falan do noso pasado nun tempo presente. Recuperáronse as videobitácoras, gravacións de mariñeiros nos barcos de pesca dos anos 80 e 90 coas que estes puideron alcanzar a visibilidade dentro dunha comunidade que pouco sabía da súa actividade. Horas de material desprazado que decidimos pór en valor porque posúe un incalculable valor antropolóxico. Dento desta óptica temos unha especial sensibilidade sobre o mundo do mar que complementamos con recollidas orais sobre a vida mariñeira que foi de capital importancia no desenvolvemento económico do noso pobo.

Crear territorio

Temos claro que traballar sobre un espazo acoutado é crear territorio. É preciso establecer estreitas conexións entre os veciños e o pobo, e dicir, o audiovisual é unha ferramenta moi útil para a vertebración social. Chegados a este punto considero necesario remarcar que o noso é un traballo totalmente altruísta que iniciamos ante a desidia do noso concello perante o maltrato que está a sufrir o patrimonio audiovisual da vila. Como persoas sensibles co noso consideramos importante iniciar este traballo de recuperación de material sen máis medios que os nosos coñecementos. O primeiro que creamos foi unha rede de colaboradores que, ademais de achegar as súas gravacións, axudaron a localizar outras que estaban espalladas polas casas e nos faiados. Esta base social, sen dúbida algunha, é o maior tesouro co que contamos: xente que ao igual que nós tratan de mudar as cousas mobilizando parte dos seus esforzos para que o noso proxecto avance.

Porén, queremos avanzar e o noso empeño vai alén da catalogación. Na actualidade, seguimos recuperando material mais iniciamos novas vías de traballo a través de Socheo Educativo, no que os propios alumnos e alumnas do CEIP A Sangriña reflexionan sobre a natureza poliédrica da imaxe e xeran contidos. Establécense recollidas orais cos seus avós e veciños para que nos falen da evolución da Guarda e das súas xentes. Porque das imaxes tamén se poden sacar leccións de vida. Permiten mirar ao pasado reactivando o presente, tomando consciencia do que fomos para pensar o que queremos ser.

Por Beli Martínez.
Produtora e profesora de Comunicación Audiovisual



<<Socheo, máis que un arquivo, é un contra-arquivo porque a lectura da historia que propoñemos non é a oficial senón a feita por todas aquelas persoas que convivimos na Guarda>>

CONCLUSIÓN

Arquivos de mediación local

A palabra arquivo ven do grego (*arkhe*) e significa "comezo de mandato". Polo tanto, o que entendemos por arquivos como amalgamas de tempo e poder. Hoxe en día vivimos coa singularidade anulada polo capitalismo e a globalización. Mais para intentar evitar este esvaecemento recorremos á memoria como ferramenta do presente, para saber do noso pasado e prepararnos para o futuro.

A memoria afianzase nos arquivos polo que non é de estrañar que estean envoltos nunha chea de circunstancias alteradoras. Tanto os propietarios como os xestores dos arquivos saben que son peza chave para a construción de discursos polo que non se dubida en instrumentalizalos por medio de prohibicións, atrancos, distorsións, manipulacións...

Mais a idea de arquivo mudou. Grazas ás novas tecnoloxías, sobre todo de internet, favoreceuse que xurdan novos proxectos que diverxen da concepción de arquivo institucionalizado. As maiores diferenzas estriban no acoutamento territorial e, sobre todo, na colaboración de membros da comunidade. É así como esta nova idea de arquivo permite fortalecer redes sociais, vertebrar territorio, protexer patrimonio, activar a cultura local e potenciar a identidade.

Por Xurxo González.
Cineasta, crítico e investigador de cine, director do proxecto Socheo

Xurxo González